

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN PROVISIONAL DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN NO ANO 2024 (BINV-CC-BINV-CS)

A Deputación provincial da Coruña por resolución da Presidencia 2024/9709 aproba as bases reguladoras das bolsas de investigación para o ano 2024, que foron publicadas no BOP número 51 con data do 12 de marzo de 2024.

A base 6.4 das bases reguladoras destas bolsas dispón:

“A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional que lles será notificada ás persoas interesadas na forma establecida na convocatoria, concedéndose un prazo de 10 días hábiles no que poderán desistir da solicitude ou presentar alegacións.

No caso de non formular desistencia expresa ou alegacións, a bolsa considerarase aceptada tacitamente e a resolución provisional considerase definitiva. No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da persoa bolseira proposta fronte á Deputación mentres esta non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

A resolución da convocatoria será dada a coñecer mediante a publicación no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>) e producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas.”

O anuncio estará exposto un mes desde a data de publicación

Acompañase a resolución da Presidencia que aproban as puntuacións e a concesión provisional das persoas solicitantes das bolsas de investigación da área de ciencias e da área de ciencias da saúde

A Coruña, 22 de xullo de 2024.

O presidente,
Valentín González Formoso

A secretaria,
Amparo Taboada Gil